



Organización Galega
de Comunidades de Montes
Veciñais en Man Común

Circular 5/2003

Sr./Sra. Presidente da Comunidade de Montes:

Xunto á presente enviamos o libro do II Congreso de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, que se celebrou no mes de xuño do pasado ano na cidade de Pontevedra. Nel recóllense os relatorios aprobados polos comeneiros e comeneiras de todo o país logo de dous días de debates que puxeron fin a logos meses de elaboración. Todos os asuntos, toda a problemática relacionada cos montes veciñais en man común aparece tratada aquí. Cremos que o interese do libro reside en ser froito das experiencias, da reflexión dos propios veciños sobre os seus montes. E alén dunha sucesión sistemática de teses que queden en papel mollado, pode ser útil como consulta para coñecer como afrontar no día a día a xestión das comunidades.

Aproveito ademais para anunciarlle que o próximo domingo **14 de decembro** no concello de **Pazos de Borbén (Pontevedra)** realizárase un acto de homenaxe **as** Comunidades de Montes Veciñais en Man Común galegas, e a toda a xente que traballa e loita en prol do monte veciñal e por esta forma de propiedade tan especial, única e galega. O acto está organizado polo concello de Pazos de Borbén e conta coa colaboración da Organización Galega de Comunidades de Montes.

Durante o día realizaranse as seguintes actividades:

- As 12:00 h. no Salón de Actos do Concello: CHARLA HISTÓRICA sobre o monte veciñal a cargo de Xosé Carlos Morgade Martínez (Secretario da comunidade de montes de Mourente (Pontevedra) e membro da Xunta Rectora da OGCMVMC).
- As 13:00 h. na Praza do Concello: Colocación dun Monolito na memoria dos que defenderon o monte veciñal.
- O remate do acto tomarase un viño da zona.

Recibe un saúdo,

Xosé Alfredo Pereira
Presidente da OGCMVMC